



Edificio do mercado do Progreso, en Vigo, obra do arquitecto Benito Gómez Román.

os seguintes proxectos: mercado da Laxe (1900); mercado do Progreso, urbanización da rúa Pito e rúa de enlace entre o mercado da Peixería e o peirao da Ribeira do Berbés (1901); e mercado de Contratación do Pescado (1902), na avenida Cánovas del Castillo. O Concello sufragoulle os gastos dunha viaxe por distintas poboacións españolas e francesas co fin de que estudase os mercados de recente construción. En 1905 renunciou ó cargo por motivos de saúde.

Paralelamente executou obras particulares de interese singular, como os talleres e exposición para Juan Baliño (1901) ou os edificios para vivendas das rúas Ballesta e da Peixería (1902); non obs-



Benito Gómez Román, arquitecto.

tante, de maior significación foron os almacéns de Simeón García (1906), en colaboración co seu irmán Manuel, quen á súa morte se encargaría do seu remate. Ó longo de practicamente unha década en activo, Benito Gómez participou das dúas grandes tendencias artísticas, a ecléctica ou historicista e a modernista, sendo pioneiro da segunda en Vigo. A súa produción primixenia, de marcado carácter medievalista, non lle impediu pasarse, previa ruptura cos canons preestablecidos na escola e na ampulosa arquitectura da súa propia cidade, á *art nouveau* que en España daba os seus primeiros pasos nas terras catalás. Xusto a esta liña, derivada principalmente da secesión vienesa, corresponde o extraordinario edificio Simeón que está situado, de forma moi visible, na popular Porta do Sol. Unha gran variedade de flora e fauna conforma a riqueza escultórica no duro granito das súas fachadas e na moldeable pedra de Novelda dos balcóns, conxugada cos fráxiles talos e follas de ferro das barrigudas varandas dos balcóns altos. (Xaime Garrido)

GÓMEZ ROMÁN, Manuel. Arquitecto nado o 24 de xullo de 1876 en Vigo (Pontevedra), onde faleceu o 11 de novembro de 1964; enterrárono nun sinxelo panteón familiar do cemiterio de Peretó.

En 1892, despois de realiza-los primeiros estudos na cidade natal, trasladouse a Madrid para cursa-los de Arquitectura xunto co seu irmán Benito, oito anos maior, que xa os comezara antes. Ó cur-

so ano de estancia na capital (curso 1895-96) obrigárono a abandona-los estudos con motivo dun enfriamento co seu profesor, o que non impediu que no curso 1896-97 aprobara Cálculo Infinitesimal en Madrid e, en 1898-99, Xeometría Descritiva na Universidade de Zaragoza.



O monumento funerario a Concepción Arenal, deseñado polo arquitecto Gómez Román.

de Madrid como profesor interino de Proxectos de Detalles Arquitectónicos e Decorativos, e seguramente influído por el e levado da súa man e amizade, Manuel Gómez Román matriculouse neste centro, aprobou neses dous anos as dezanove materias que lle faltaban e o 19 de decembro de 1916 obtivo a cualificación de notable na reválida con *Proxecto de un panteón para contener los restos de Cristóbal Colón*.

O 3 de marzo de 1917, ós corenta anos de idade, recibiu á fin o título de arquitecto, cando xa era un excelente e consumado profesional da arquitectura e un extraordinario debuxante, acuaelista e

Desilusionado da actividade académica, abandonouna e volveu a Vigo, onde fixo un pouco de todo: fundou unha academia de debuxo e modelado e traballou como contratista e tamén como escultor. Viaxou por Europa e pola Arxentina estudando os últimos avances da arte arquitectónica e finalmente decidiu polo que sempre sentiu unha profunda vocación: exerce-la arquitectura. A súa falta de titulación levouno a recorrer á firma e incluso á colaboración de profesionais amigos, como ocorreu cos arquitectos Luis Vidal y Tuasón ou Carlos Gato Soldevilla; con este último realizou algunhas obras en Madrid e nalgunhas capitais de provincia.

Trala morte do seu irmán en 1908 (con só dez anos de actividade profesional como arquitecto), pasou a realiza-la obra máis significativa da súa primeira etapa, marcada polo movemento modernista con influencias directas do secesionismo vienés. Non se limitou só a copia-los repertorios decorativos establecidos nas revistas ou nos dicionarios de arquitectura, como fixo Jenaro de la Fuente y Domínguez, senón que en cada obra elaborou unha persoal e variada arquitectura modernista apartada da simple cita ornamental. Corresponden a esta etapa o monumento funerario a Concepción Arenal (1910-12) e os edificios Simeón (1907-11), Mulder (1910) e de Saturnino García (1912).

Coincidindo co xa distinguido arquitecto Antonio Palacios Ramilo, que nos cursos 1914-15 e 1915-16 traballou na Escola Técnica Superior de Arquitectura

escultor. Este paso pola Escola de Arquitectura e a gran personalidade de Palacios influíron notablemente no que se podería definir como a segunda etapa da súa produción, caracterizada por unha composición academicista na que acudiu ó eclecticismo histórico e na que non faltaron os elementos ornamentais modernistas como prolongación dos seus primeiros proxectos. Así o reflecten o Banco de Vigo (1919-23), hoxe Banco Pastor, a súa obra máis relevante e grandiosa; a casa de Correos de Vigo (1920-28); a antiga sede social da Caixa de Aforros de Vigo (1924-26), hoxe o club de xubilados; a fábrica de conservas Ber-

4 O edificio Mulder, de Vigo, obra que vencella a Gómez Román co modernismo.



O antigo edificio do Banco de Vigo é a obra máis relevante de Gómez Román.

nardo Alfageme (1928) e a casa para Manuel Somoza Salgado (1922) en Lugo.

Pouco a pouco, o seu estilo derivou cara a unha arquitectura rexionalista, onde se tomaron como modelos o esplendoroso barroco galego da monumental cidade de Santiago de Compostela e os centos de pazos espaxados por Galicia. Procurou facer revivir ese enlacedor pasado para darlle continuidade, co ánimo de levanta-lo orgullo galego no seu endémico abatemento. Esa busca das raíces do pasado para incorporalas ó presente dentro dun período de superación, de expresión e de evolución constituíu a característica máis salientable do que se podería chama-la súa terceira e máis prolífera etapa de produción arquitectónica, que o acompañaría ata a súa morte, ós 88 anos. Cómpre destacar entón, en Vigo,

os edificios de vivendas para José Araújo Pérez (1926) e para Joaquín de Miguel (1928) e a casa para Jiménez Cuenca (1927); en Santiago de Compostela, a casa de vivendas para P. Fontán y Fontán (1929), a casa para Baldomero Lois Asorey (1946) e o sanatorio para Ramón Rodríguez Somoza (1952); e, en Lugo, o Museo Provincial (1950).

Non debe esquecerse que esta arquitectura rexionalista-galeguista dá os seus primeiros pasos en Gómez Román pouco despois da súa titulación, cara a 1920, e que se fixo máis patente a medida que transcorreron os anos.

A súa achega máis importante e que identifica a gran cantidade de obras dispersas por Vigo foi a utilización do azulexo con representacións coloridas e o ferro e mailo ferro forxado en perfecta harmonía e equilibrio co duro granito.

En todas empregou a pedra do país, cuxo peso alixeiraba con amplos vans, que na última planta se facían corridos intercalando pilastras, con azulexos da fábrica Ramos Rejano de Sevilla ou con entrepanos revestidos e pintados de branco, sobre todo nas vivendas unifamiliares. A maior parte da súa produción encóntrase en Vigo, pero tamén Santiago e Lugo posúen mostras deste admirado arquitecto. As súas numerosas obras de cantaría encheron as rúas viguesas e incluso o rural entre as décadas dos 20 e dos 60. Tamén deixou, como bo acuaralista que era, grandes proxectos que quedaron no papel e mesmo cidades barrocas imaxinarias.

Namorado da súa terra, militou no Partido Galeguista como secretario xeral dende a súa constitución. En decembro de 1951 ingresou na Real Academia Galega, ocupando o lugar de Gonzalo Brañas Fernández, e participou na Fundación Penzol. (Xaime Garrido)

Os momentos nos que encetou a súa tarefa como arquitecto amosou unha clara convicción. A de que a orixinalidade debía procurarse na tradición, na orde e no gusto. Optou así pola liña histórica, polo axeitamento ó medio. Familiarizouse coa arte monumental máis expresiva de Galicia. Puxo particular empeño en desentrañala esencia, os signos da súa continuidade no tempo. Admiráboo o tino na adaptación ó ambiente, á paisaxe, que tiveran os construtores do noso barroco. Os que sen se desviar, acadaron emocións novas.


A súa obra vou ser testemuño dunha fe nunha época de salvación en nome de Galicia. Mergullado no seu presente, vellello deliberadamente a un dos grandes sistemas da cultura galega: o barroco. Pero había que o mirar non como acollida dun pasado facilitador. Si, como reencarnación dunha corrente subterránea que non deixa de xurdir en cada hora propicia.

Poderíase dicir que as formas arquitectónicas de Gómez Román tiñan especiais características. As de achegar estilisticamente o edificio urbano ó pazo rural. Produciuse así en función do home e en función da terra. Ollou o problema como o da relación da forma arquitectónica coa paisaxe galega. Un problema que resolveron con outras formas, outros arquitectos. E con outros materiais e outros instrumentos. Non se trata de que as solucións fosen mellores ou peores, porque en arte non hai verdades absolutas.

Sen dúbida, a obra do arquitecto vigués foi a dun fillo do país apegado a el. A do fillo dun mestre de obras que andou dende neno entremedias da pedra, do escuadro, do martelón, da maceta, da baxarda. Da ferramenta que empregaban no seu labor pedreiros e canteiros. Era por iso un home que deu nas súas construcións marcada expresión daquela orixe.

Os edificios que Gómez Román concibiu e realizou, conciliaban certa conciencia fundacionalista cunha sensibilidade persoal. Procuraba neles máis a presenza da xente en vida e a súa psicoloxía que a concepción abstracta da arte arquitectónica. A finalidade das súas construcións parecía como se se encarrease á satisfacción humana. Porque non abonda unha orde lóxica a sangue frío. A cuestión estaba en acadar a *humanización da arquitectura*. Soubou vivir dese xeito a realidade dos seus días no máis humano e extenso sentido da palabra. Concibía a casa como un gran fogar con camarínas ó redor. Na entrada un alpendre. Fronte ó poñente ou mediodía, a solaina.

Poucos como o vigués amaron a pedra das nosas canteiras. Servíaa con ritmos e ritos das artes antigas ou novas. Coa intuición do artesán e a intelixencia do matemático. Ordenaba un capitel, rachaba unha fiestra no ferro prusia, tiraba un arco





◀ Retrato de Manuel Gómez Román.

que supuñan as novas correntes coetáneas. Había, non obstante, na súa arte aquecida beleza e delicada tenrura. Non buscaba a construción da casa-obxecto, senón o ámbito axeitado onde decorrese a vida. Onde gozar, amar e pensar.

É indubidable que a obra de Gómez Román foi a obra que aprendera, en boa parte, cos mestres de obra e cos canteiros. As súas mans cofeceron a dureza da pedra, a súa resistencia física. Ó converter en proxectos os seus coñecementos, a pedra non foi aliviada, senón que colleu esa dureza. Esa pretensión de eternidade das cousas alleas ó ser humano. Gómez Román tiña por ela profundo amor. Antes de se consagrar como arquitecto, traballou cos canteiros e exerceu, en momentos dados, como concertista de obras.

(Francisco Fernández del Riego)

de medio punto, remataba a fachada dun barroquismo sen andrómene. Cando realizaba estes labores pedía-las resposta ós canteiros encargados de labralos. Collía o pico e daba lección sobre a mesma pedra.

A súa interpretación fecunda, orixinal, da arte tradicional galega, atinxiu formas persoais. Os seus edificios ergueitos dentro das normas da tradición resultaban modernos no seu tempo. Non eran pastiches e levaban o espírito da hora que viviu. Aínda sendo construtor dunha época dada, sabía o

GÓMEZ SANTOS, Manuel. Nado na Coruña o 7 de novembro de 1959. Presidente da produtora audiovisual Dygra Films dende 1987 e director da editorial multimedia Filloa Records dende 1996, foi o produtor e codirector da premiada longametraxe de animación *O bosque animado* (2001), a primeira película en 3D con resolución cinematográfica realizada en Europa. Comezou a súa andaina no campo do deseño gráfico e editorial, dende 1985 integrado no Grupo Orbillo. En 1996 especializouse na produción multimedia e, a partir de 1998, na animación en 3D, técnica coa que traballa actualmente como produtor e codirector de *O soño dunha noite de San Xoán*. A súa filmografía recibiu moitos galardóns importantes, entre eles, dous Goya 2002, sete premios Chano Piñeiro, o Premio Galicia de Comunicación 2001 e outras distincións en festivais internacionais por *O bosque animado*; e tres premios AGAPI 1997 e o premio nacional de deseño multimedia Trofeo Laus 1998 por *Bicho*. A título persoal foi merecedor do Premio Honorífico Fernando Rey 2002 á traxectoria profesional. Gómez Santos atópase inmerso no audiovisual en tódolos sentidos. Na presidencia da Asociación Galega de Productoras Independentes no período 2001-




Manuel Gómez Santos

02, dende 2003 ocupa a da Academia Galega do Audiovisual e dende 1989 desempeña o cargo de conselleiro delegado da empresa Implantación de Identidades Corporativas. É titor do máster de Creación e Comunicación Dixital da Universidade da Coruña e pertence á xunta directiva da Federación de Asociacións de Productoras Audiovisuais Españolas, á Academia das Artes e das Ciencias Cinematográficas de España, á Academia Europea de Cine, ó comité organizador de Mundos Digitales, ó Cartoon Forum 2004 e ás comisións permanente e especializada do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia. Recentemente afrontou a dirección do II Congreso Galego Audiovisual.

GÓMEZ SEGADÉ, José Antonio. Xurista nado o 27 de agosto de 1943 en Medeiros (Monterrei, Ourense). Licenciado e doutorado en Dereito con premio extraordinario pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), principiou a súa traxectoria como profesor axudante e adxunto de Dereito Mercantil nesta institución. En 1974 obtivo a agregación na Universidade de San Sebastián e en xuño de 1976 foi nomeado catedrático de Dereito Mercantil na de Valencia, onde amais foi vicedecano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e vicerreitor dende setembro de 1977 ata outubro de 1979. En 1981 reincorporouse á USC co desenvolvemento de diversos cargos académicos de responsabilidade (director do Departamento de Dereito Mercantil, decano da Facultade de Dereito, vicerreitor de Relacións Institucionais...) e coa profesión da súa cátedra, que dende 1984 compatibiliza coa dirección do Instituto de Dereito Industrial da USC (IDIUS), da revista *Actas de Derecho Industrial* e de *Cuadernos de Juris-*

prudencia sobre Propiedad Industrial. Forma parte do consello de redacción de varias publicacións, como *Derecho de los Negocios* e *Patent World*, e dende marzo de 2004 participa, con outros catedráticos e xuriconsultores, nos comités de avaliación dos estudos de Dereito das universidades portuguesas. É un dos sete integrantes da comisión de investigación da Oficina Europea de Patentes, membro do consello de administración da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia e asociado de diferentes organizacións científicas e gremiais, entre elas a Asociación Española de Defensa da Competencia e a Asociación Internacional para a Protección da Propiedad Industrial e Intelectual (Grupo Español).

Gómez Segadé está en posesión do galardón Eugenio Montero Ríos de Investigación Social 2002 pola súa contribución ó ámbito do Dereito industrial. Ó respecto dirixiu teses doutorais, asinou artigos, realizou informes e estudos e




Unha publicación de Gómez Sobrino.

meaning" en el derecho de los signos distintivos (1995), *La propiedad industrial en España* (1995), *Dez anos do Estatuto galego do consumidor* (1995), *El Acuerdo APIC como nuevo marco para la protección de la propiedad industrial e intelectual* (1996), *El derecho de autor en el entorno digital* (1999), *Preclusión de las acciones del titular de la patente por retraso desleal* (2000) e *Tecnología y Derecho: estudios jurídicos del prof. José Antonio Gómez Segadé recopilados con ocasión de la conmemoración de los XXV años de cátedra* (2001). Completan o seu intenso quefacer os relatorios e mailos cursos impartidos nacional e internacionalmente.

Á marxe cómpre salientalo seu compromiso nacionalista. Foi membro do Consello da Cultura Galega (1984-86) e da Xunta Electoral de Galicia (1985-90). Presidente de honra do Centro Gallego de Valencia e vicepresidente do Club Nacionalista Alén-Nós, que cofundou en 1986, hoxe forma parte do renovado Seminario de Estudos Galegos, no que dirixiu a Sección de Ciencias Xurídicas, e do Padroado do Museo do Pobo Galego.

GÓMEZ SOBRINO, Xesús. Nado na Guarda (Pontevedra) o 8 de decembro de 1935 e falecido o 8 de decembro de 1986. Iniciou a carreira eclesástica no seminario conciliar de Tui entre 1947 e 1959. De 1959 a 1963 proseguíu coa súa formación na Universidade Gregoriana de Roma, onde se doutorou en Dereito Canónico cunha tese cualificada con sobresaliente cum laude; simultaneamente estes estudos cun curso do Instituto Pontificio de Arqueoloxía Cristiá. Membro da Asociación Española de Canonistas dende 1969, de regreso en Tui foi nomeado párroco de Amorín e de Currás, no concello de Tomiño, oficio relixioso que alternou coa docencia de



Un libro de José Antonio Gómez Segadé.

publicou numerosas obras, entre outras: *Reforma del derecho de patentes español* (1969), *En torno al concepto de know-how* (1971), *Concepto y método del Derecho mercantil* (1974), *El registro de la propiedad industrial en España* (1976), *Panorámica del derecho de la libre competencia en la CEE* (1978), *España ante la unificación del derecho de patentes en Europa* (1978), *Notas sobre el derecho de información del consumidor* (1980), *Protección constitucional de la marca y de las denominaciones de origen* (1981), *Las cláusulas del retorno de conocimientos y prohibición de exportar en los contratos de transferencia de tecnología* (1982), *Panorámica de la nueva Ley de patentes española* (1988), *Fuerza distintiva y "secondary*